





SEGURIDADE


NOS AGASALLOS DE NADAL



Xoguetes

Todos os xoguetes deben levar de forma visible, lexible e permanente, ao menos en castelán, as seguintes **inscricións**:

- **Marcado** 
- **Nome** e/ou razón social e/ou marca.
- **Enderezo** da persoa fabricante, do seu representante oficial na Unión Europea ou da súa importadora.
- **Número de lote, serie ou modelo.**
- Indicación de **conservar** os **datos** da etiquetaxe.
- **Advertencias** para evitar **riscos** no seu emprego e manexo:

1. **Advertencia**  cando non son axeitados e poidan resultar perigosos para os nenos e nenas **menores de 36 meses**, xunto cunha breve indicación (que poderá figurar nas instrucións de uso) do **perigo** específico polo que se aplica a precaución.

2. **Advertencias** sobre os **riscos** que pode comportar o emprego do xoguete e o **xeito de evitalos**.

Incluirán **instrucións de uso**, se son necesarias polo tipo de xoguete, ao menos en castelán.

